

ASISTENTES

Alberte Pivida, Rodrigo
Alonso Crespo, M^a Victoria
Alonso Gómez, J. Lorenzo
Alonso Vega, M^a Flora
Álvarez Álvarez, María Salomé
Álvarez Villamarín, J. Carlos
Andión Rodríguez, M^a Nuria
Area Carracedo, Iván Carlos
Arévalo Tomé, Raquel
Barbudo Sampedro, Aitor
Bernabeu Tello, Ana María
Blanco Fernández, Yolanda
Blanco Sierra, Javier
Bravo Bosch, María José
Bringas López, Ana María
Caamaño Martínez, J. Carlos
Caeiro Rodríguez, Manuel
Casal Guisande, Manuel
Cebro Rodríguez, Xoán
Chapela López, Sergio
Cid Fernández, Xosé Manuel
Comesaña Benavides, José Antonio
Corbacho Valencia, Manuel
Cruz González, Montserrat
Cuevas Alonso, Miguel
Cuiñas Gómez, Iñigo
Currás Valle, Consuelo
Davila Segade, Ruth
Díaz Pereira, M^a del Pino
Diz Folgar, Manuel
Dominguez Blanco Santiago
Doval Ruiz, María Isabel
Durán Barbosa, Rafael
Esparís Matanza, Santiago
Fernández Barciela, Mónica
Fernández Fdez., Federico
Fernández González, María
Fernández Simoes, Miguel
Gallardo Medina, Mercedes
García Eirín, José Manuel
García Estévez, José Manuel
Garza Gil, M^a Dolores
Goicoechea Castaño, Iciar
Gómez Clemente, Xosé M^a
González Penín, Ana Isabel
Grande Seara, Pablo
Graña Sánchez, Andrés Lois
Hervés Estévez, Javier
Iglesias Prado, José Ignacio
Izquierdo Belmonte, Pablo
Lago Ferreiro, Alfonso
Lima González, Estela
López Ardao, José Carlos
López Bravo, Cristina
López Escobar, Juan José
López Lago, Marcos
López Rubianes, Lucrecia
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Losada Barreiro, Sonia
Macías Cambra, Henrique
Marcet Miramontes, Purificación
Martínez Cobas, Francisco Javier
Mejuto Fernández, J. Carlos
Méndez Reboredo, J. Ramón
Michinel Álvarez, M. Ángel
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Mociño González, Isabel
Montero Reguera, José Francisco
Moure Rodríguez, M^a. José
Novo Ramos, Bernardino
Oca Cancela, Guillermo de
Otero Otero, Blanca
Pardo Froján, Juan Enrique
Patiño Vilas, David
Paz Penín, Concepción
Peña Gallego, M^a. Ángeles
Pereira Lorenzo, Nemesio
Pérez Cota, Manuel
Pérez Diz, Angel Eduardo
Pérez Juste, Ignacio

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 19 de decembro de dous mil vinte e dous, convocada para ás 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda no Paraninfo da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 h do día **19 de decembro de 2022** deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do venres 7 de outubro de 2022.
2. Informe do reitor.
3. Informe anual do reitor, en cumprimento do artigo 30.b) dos Estatutos da Universidade de Vigo.
4. Informe sobre as liñas orzamentarias para o ano 2023.
5. Aprobación, se procede, do informe preceptivo sobre a creación do Centro de Posgrao e Formación Permanente.
6. Aprobación, se procede, do procedemento cara a extinción da Escola de Formación Permanente.
7. Aprobación, se procede, do informe preceptivo sobre a proposta de creación do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación.
8. Informe de seguimento e avaliación anual do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.
9. Informe da Valedora Universitaria.
10. Elección dos membros da Comisión de traballo para a Redacción do Código Ético e a Normativa de Convivencia:
 - a. 4 PAS.
 - b. 2 estudantes.
11. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión de traballo sobre os Recoñecementos Docentes na Bolsa de Horas dos Centros:
 - a. 1 PAS (aberta a persoal non claustral).
 - b. 1 estudante (candidaturas cubertas e prazo xa pechado).
12. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión de traballo para o impulso ao Manual de Boas Prácticas:
 - a. 3 estudantes.
 - b. 1 PAS.
13. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión redactora do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado:
 - a. 1 estudante (ámbito e campus).
 - b. 4 PAS.
14. Elección dos membros da Comisión Electoral:
 - a. 1 estudante.
15. Elección dos membros nos Consellos de Campus:
 - a. Pontevedra: 2 estudantes.
 - b. Ourense: 2 estudantes.
16. Quenda de intervencións.

Pérez Vázquez, Consuelo
Piñeiro García, M^a del Pilar
Pita Carballo, José Luis
Porteiro Fresco, Jacobo
Reboiro Jato, Miguel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel J.
Rey Fraile, Manuel Ángel
Río Otero, Coral Del
Ríos Santomé, María José
Rivas Conde, Filemón
Rivas Ferreiro, Mauro
Rívera Vázquez, Noelia
Rivo López, Elena
Rodríguez Daponte, Rocío
Rodríguez Guerra, Alexandre
Rodríguez Hernández, Cándido
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rodríguez Míguez, Eva M^a
Rodríguez Rajo, Fco. Javier
Ron Fernández, Alvaro Francisco
Ruiz Hidalgo, M^a del Carmen
Sáez Ocejo, José Luis
Sánchez Moreiras, Adela
Sánchez Sellero, Fco. Javier
Seijas Montero, María
Siota Álvarez, Mónica
Soto González, Mercedes
Suárez Martínez, Agustín
Surís Regueiro, Juan Carlos
Torres Romay, Emma
Valderrama Santomé, Mónica
Valebona Refojos, Manuel
Vaquero García, Alberto
Velasco Graña, M^a Rita
Vidal Vázquez, Ricardo
Villanueva Villar, Mónica
DESCULPAN A SÚA AUSENCIA
Abelleira Acebedo, Pablo
Alonso Prieto, Elena
Araujo Araujo, Pilar Aurora
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga
Bolaño García, Sandra
Boutinguiza Larosi, Mohamed
Cancela Carral, M^a de los Angeles
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Diéguez Quintas, José Luis
Dios Parada, Ana María
Fariña Rivera, Francisca
Fernández Fustes, María Dolores
Fernández Iglesias, Manuel J.
Fernández Prieto, Marta
Fernández Villarino, M^a de los Angeles
García García, Óscar
Garrido García, Rosalía
Gómez Gesteira, Ramón
Guerrero Silva, Tatiana
González Vázquez, Adriana
Iglesias Allica, Malena
Lameiro Diéguez, Remedios
Liste Fernández, Araceli Mercedes
Lloves Herbón, M^a Asunción
López Mira, Álvaro Xosé
Mangana Molina, Ana
Martínez Arribas, Fernando
Martínez Cardaña, María
Martínez López, Carlota
Martínez Martín, María José
Martínez Piñeiro, Manuel
Martínez Solleiro, Adrián
Méndez Abelleira, Begoña
Michinel Álvarez, Humberto Javier
Moreno Mújica, Valeria Valentina
Nombela Castaño, M. Angel
Nóvoa Fernández, Yolanda
Otero Cerdeira, Lorena
Pereira Rodríguez, Ana M^a.
Pérez Rodríguez, M. Rosa
Prada Rodríguez, Julio
Riobóo Lois, Alexo Bregón

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do venres 7 de outubro de 2022.

Presentáronse dúas alegacións de María José Ríos Santomé sobre corrección de dous erros, que foron incorporadas de oficio pola Secretaría Xeral. Non se fixeron observacións. O reitor propón que se aprrobe por asentimento.

Apróbanse a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

- **DESENVOLVEMENTO DA LOSU**
Espérase que saia en breve do relatorio, que se aprrobe e que pase ao Senado antes de fin de ano. Aprobarase previsiblemente en marzo. Quérese garantir o mínimo do 1% do PIB para as universidades, o que suporía 3000 M€ adicionais no sistema. Estanse traballando transaccionais para darlles máis peso ás comunidades autónomas, mellorar a internacionalización, equiparar as axencias autonómicas á ANECA e xestionar cartos privados coma unha asociación. Pode haber cambios na elección da persoa que ocupe a reitoría (4+4?).
- **PROBAS ABAU**
A proposta da CRUE foi que as probas de desenvolvemento da LOE sirvan para o acceso e que as universidades traballen outra proba para a admisión. Adíase polo menos un ano.
- **ESTATUTO DO ESTUDANTADO EN PRÁCTICAS**
Hai un acordo sobre as prácticas curriculares. En canto ás prácticas extracurriculares, posible prórroga de tres anos. Posible acordo sobre a bonificación da Seguridade Social do 95% nas institucións públicas, que se ocuparán da xestión. Problema coas prácticas en privadas.
- **NOVO DECRETO DE ÁREAS E DEPARTAMENTOS**
Estase a traballar nunha listaxe de grandes áreas (só para os efectos de departamentos), fálase de pouco máis de 30 áreas. O novo decreto de departamentos establecerá números mínimos de 30-35 persoas (non é seguro se contabilizarán doutores ou persoas con estabilidade).
- **NOVO DECRETO DE DOUTORAMENTO**
En exposición pública. Incluirá maiores garantías de asesoramento, representación estudantil nos órganos de goberno, consideración de persoal investigador en formación para o estudantado, obrigatoriedade de contar cun plan de formación persoal, obrigas de acompañamento e de asesoramento das persoas titoras, novos prazos a tempo parcial ou con discapacidade.

Rodríguez Domínguez, M^a del Mar
Varela Álvarez, Enrique José
Varela Casal, Cristina
Vázquez Otero, M^a Elsa
Vicente Simal, Iván
Vidal Vázquez, Iván Manuel
Yáñez Bouza, Nuria

Antes da lectura, dous informes externos. Maioría do tribunal, externo á universidade e ao programa. Regula a mención internacional, o réxime de cotutela, a mención industrial e a mención de excelencia das escolas.

- **COARA**

A Universidade de Vigo está neste proxecto desde o inicio. Hai 31 universidades españolas que se sumaron. O obxectivo é buscar, no ámbito europeo, novos criterios de avaliación do labor de I+D+i no que se inclúan máis ítems, que sexa menos automática e menos JCR dependente.

- **PROGRAMA ON THE MOVE**

Bolsas de tres a seis meses para o persoal investigador predoutoral e posdoutoral sen un posto permanente, que leve a cabo a súa investigación nunha universidade española.

- **CÁTEDRAS DE IA E CIBERSEGURIDADE.**

O Goberno publica unha convocatoria para financiar 32 novas cátedras universitarias de intelixencia artificial e de ciberseguridade, con colaboración universidade-empresa e con carácter internacional. Orzamento de 22,4 millóns de euros. O importe máximo da axuda será de 1,2 millóns de euros no caso das cátedras nacionais e de 1,6 millóns de euros no das cátedras internacionais. A achega necesaria ascende a 300.000 euros por ano se é estatal e 400.000 se é internacional.

- ✓ IA: O programa enmárcase na Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial (ENIA) e os proxectos poderán presentarse a partir de 2023 cunha duración máxima de catro anos.

Áreas temáticas:

- Aeronáutica e aeroespacial; agricultura; economía do dato; tecnoloxías de linguaxe.
- Robótica; algoritmos verdes; dereito; IA responsable e ética; xeopolítica.
- Música e artes; desenvolvemento sostible; sector público; ciencias da saúde.
- Reto demográfico.

- ✓ Ciberseguridade: O programa enmárcase na Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial (ENIA) e os proxectos poderán presentarse a partir de 2023 cunha duración máxima de catro anos.

Áreas temáticas aliñadas coas definidas na segunda convocatoria do Programa de compra pública innovadora de INCIBE. Entre elas:

- Criptografía avanzada resistente a ataques cuánticos.
- Solucións innovadoras en ciberseguridade para redes 5G.
- Sistemas para o seguimento de criptotransaccións.
- Impulso da ciberresiliencia na cadea de subministro. Orzamento de 22,4 millóns de euros.

- **ACORDOS TRANSFORMATIVOS CON EDITORIAIS**

Existen acordos con COARA, On the move y ACS Publications.

Con IEEE non houbo ningún acordo e solicitánnos ás universidades que non cheguemos a acordos privados. Con ASC a situación é semellante.

- **RÁNKINGS**

Os tres máis importantes son:

- ARWU (Shanghai): ocupamos un posto entre as 600 mellores universidades do mundo; é obxectivo.
- QS
- THE

Estas dúas clasificacións baséanse en gran parte na reputación e forman parte do sistema de financiación das Universidades do SUG. O reitor amosa distintos gráficos sobre a posición da UVigo nos ránkings, e as seguintes vías para mellorar:

- Sintámonos orgullosos e orgullosas da nosa institución.
- Fagamos que a xente máis próxima nos coñeza a través dos medios sociais (LinkedIn, YouTube, Twitter...).
- Participemos en iniciativas (The Conversation, RGSX, Research...).
- Enviemos nomes para as enquisas (en QS podemos propoñer 400 nomes cada ano).
- Fichar bos profesionais.

Entende que, de cara ao futuro, habería que:

- Conseguir unha marca recoñecida.
- Comunicar moito temas de I+D+i.
- Unidade de Cultura Científica e da Innovación, nova páxina web, boletíns de investigación...
- Traballar cos e coas alumni.
- Traballar coas empresas.

• PRESENTACIÓN CARA Á ACREDITACIÓN DO CAMPUS AUGA

Presentación telemática coa intervención dos membros do panel de avaliación. Pola UVigo participaron o reitor, as vicerreitoras do Campus de Ourense e de Investigación, Transferencia e Innovación, o vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións e cinco investigadores das áreas atinxidas: Laura Movilla, Elena de Uña, Marisa Rúa, Mayte Fernández de Castro e David Fernández Calviño.

• OUTROS ASUNTOS

- Evento Stellantis: acto de agradecemento polos 20 primeiros anos de colaboración na docencia das escolas de Enxeñaría de Telecomunicación e Industrial.
- *Workshop* da Cátedra de Feminismos 4.0.
- Coloquio en Santiago de Compostela coa ministra de Ciencia e Innovación.
- As universidades galegas debateron en Vigo sobre temas de I+D.
- Homenaxe ao profesor Rifón na FFT.
- Convenio UVigo Gradient.
- Sinatura do MoU no INL de Braga para a creación do Agro Food Tec Lab.
- Xuntanzas da comisión de convivencia.
- Novo decanato en Ciencias Xurídicas e Dirección e xestión pública.
- Gonzalo Navaza ingresa na RAG cun discurso sobre toponimia.
- Xoves empregables.
- Congreso estatal do estudiantado de Ciencias da Educación.
- Asociación Nacional de Estudiantes de Educación y Formación.
- UNISF - Xornada de debate institucional.
- Selo HRS4R Human Resources Strategy for Researchers.
- Competición de debate en Vigo.
- Medallistas nos campionatos universitarios españois.
- Presentación dun novo estudo de inserción laboral.
- Convenio XUGA-UVigo.
- Xuntanza co reitor da UNAD de Colombia.
- Reunión JAI 2022.
- 2 Highly Cited Researchers do SUG na UVigo (Jesús Simal y Jin Bo).
- Premios punto.gal.
- Espazos dispoñibles para o *coworking* en Redeiras e no INCUVI.
- A Universidade de Vigo preséntase en Iberoamérica para captar.
- Visita do reitor da universidade tunisiana de Sfax.
- Sinatura dun novo protocolo coa Deputación de Pontevedra.

- Acordo co Concello de Vigo para organizar o congreso EUNIS.
- O Congreso de Traballo Colaborativos cumpre xa 10 anos.
- O aproveitamento da biomasa, clave no desenvolvemento da euronrexión.
- O calendario de igualdade amosa o compromiso da institución.
- O profesor Celso Cancela recibe unha cátedra Jean Monnet: European Institutions and Citizens: Adapting the EU to the digitalisation challenges
- Comezo dos horarios especiais das bibliotecas.
- 125 prazas no Campus Camp de Nadal.
- Coperia, unha plataforma con IA para axudar aos e ás pacientes.
- A Universidade de Vigo e SA de Obras y Servicios, COPASA, están a desenvolver o proxecto Railway Inspection and Information Model.
- Facendo 4.0, liderado por Stellantis, acada xa un cumprimento elevado dos obxectivos previstos.
- M.^a Emilia Casas clausura o Curso de negociación colectiva e individual no ámbito laboral.
- Unha nova revista impulsada polo Comité de sabias da Cátedra de Feminismos 4.0.
- A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía dálle visibilidade á súa aula de divulgación científica.
- A violencia e o acoso nas relacións laborais estúdanse nunha xornada que mesturou o mundo académico, xudicial e laboral.
 - O proxecto Ciencia de ida e volta espallará o coñecemento dos grupos de investigación da UVigo nos tres campus e fortalecerá a nosa comunicación.
 - A Rede Localis, con Alberto Vaquero como autor, demanda unha reforma catastral para mellorar a recadación dos concellos.
 - Metaverso da Universidade de Vigo.
 - Plan de virtualización da UVigo.
 - Novo convenio para a dotación dos centros GUS.
 - Preto para a inauguración do Edificio Benito Corbal así como a Planta Piloto en Ourense.
 - Novo acordo coa Deputación de Ourense.
 - A Orquestra Clásica de Vigo protagoniza o Concerto de Nadal.

Coral del Río pregunta polo metaverso, dados os avatares que se manexan, e comenta se a Unidade de Igualdade vai ter algunha influencia neste asunto. O reitor sinala que si.

3. Informe anual do reitor, en cumprimento do artigo 30.b) dos Estatutos da Universidade de Vigo.

O reitor detalla o seguinte:

- Datos de novo ingreso e oferta de novo ingreso en titulacións de grao e de mestrado, expoñendo diferentes gráficos. Comenta brevemente os datos, insistindo na necesidade de mellorar na captación de alumnado, tamén respecto do estudantado estranxeiro.
- Aspectos relativos a extensión universitaria: cultura, deportes e área de normalización lingüística.
- Plan corresponsables: Convenio coa Xunta de Galicia. Detalla as actividades realizadas durante o ano e as que se desenvolverán en breve, así como os datos de participación e custos.
- Funcionarización do PAS e concurso de traslados: OEP do PDI para o 2022.
- Novo mapa de titulacións para o 2022/2026: o reitor detalla o marco de desenvolvemento do mapa.
 - Acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a definición do marco xeral de actualización do mapa de titulacións do sistema universitario de Galicia para o período 2022-2026.
 - Acordos xa acadados no mapa:
 - Acordo para implantar os mestrados correspondentes aos 30 perfís profesionais identificados no estudo G2030:
 - 15 perfís considéranse xa cubertos por titulación existentes no SUG

- 1 perfil polo que xa tiñan mostrado interese as universidades: IA. Resolto mediante un acordo específico: grao e mestrado
- 14 perfís non cubertos:
 - 13 darán lugar a novos mestrados interuniversitarios no SUG
 - 1 resolverase introducindo unha mención nun mestrado existente
- O Mestrado en ciberseguridade (UVigo-UDC) incluírá o perfil en *blockchain* e en tecnoloxías DLT.
- Grao e mestrado en intelixencia artificial (60 ECTS)
 - Implantación en Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela
 - Asinado o 4 de maio de 2021
 - Implantación no curso 2022/2023
- Mestrado en ciberseguridade (90 ECTS)
 - Implantación en Vigo e na Coruña.
 - Inclúe tres módulos impartidos en tres trimestres: fundamentos de ciberseguridade, técnicas de ciberseguridade e capacitación académico- profesional.
 - Informe favorable da SXU para a súa implantación no curso 2023/2024.
- Traballos en marcha sobre o mapa: Acordo do mapa de novos graos:
 - 9 novos graos non existentes no SUG. Queda parado por mor das eleccións municipais e na UDC.
 - Posible reconfiguración da oferta actual.
- Declaracións de singularidade de graos e mestrados existentes. Non hai resolución de momento. Solicitudes:
 - GRAOS: Enxeñaría Agraria, Fisioterapia, Enxeñaría Forestal, Filoloxía Aplicada en Galego e Español e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
 - MESTRADOS: Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental, Sistemas Aéreos non Tripulados, Economía, Industria 4.0 e Nutrición.
- Propostas de novos mestrados e doutoramentos á marxe do estudo G2030, promovido polas universidades e asinado o 16 de xuño de 2021. Titulacións e centros:

Nº	GRAO	CENTRO	INTERUNIV.
1	Grao en Relacións Internacionais	Facultade de Relacións Internacionais	SI (UDC+UVIGO)
2	Grao en Intelixencia Artificial	Escola Superior de Enxeñaría Informática	SI (UDC+USC+UVIGO)

Nº	MESTRADO	CENTRO	INTERUNIV.
1	Mestrado universitario en enxeñaría biomédica	Escola de Enxeñaría Industrial	NON
2	Mestrado universitario en exercicio terapéutico e funcional en fisioterapia	Facultade de Fisioterapia	NON
3	Mestrado universitario en intelixencia artificial	Escola Superior de Enxeñaría Informática	SI (UDC+USC+UVIGO)
4	Mestrado universitario en desafíos das cidades	Facultade de Educación e Traballo Social	SI (UNISF)

Nº	PROGRAMA DE DOUTORAMENTO	INTERUNIV.
1	Programa de doutoramento en matemáticas e aplicacións	SI (UNISF)
2	Programa de doutoramento en ciencias sociais e envellecemento	SI (UDC+USC+UVIGO+UNIV.PORTO+UNIV.TRAS-OS-MONTES)

Novas titulacións para o curso 2023/24

Nº	GRAO	CENTRO	INTERUNIV.	ESTADO
1	Grao en Enxeñaría da Automoción (dual)	Escola de Enxeñaría Industrial	NON	Enviado á ACSUG
2	Grao en Deseño	Facultade de Deseño	NON	Enviado á ACSUG

Nº	MESTRADO (G2030)	CENTRO	INTERUNIV.	
1	Mestrado universitario en xestión sostible da auga	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	SI	Informe favorable condicionado da SXU
2	Mestrado universitario en xestión da experiencia do cliente	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	SI	Pendente do informe favorable da SXU
3	Mestrado universitario en biofabricación	Facultade de Bioloxía *	SI	Pendente do informe favorable da SXU
4	Mestrado universitario en internet das cousas	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	SI	Pendente do informe favorable da SXU
5	Mestrado universitario en fabricación aditiva	Escola de Enxeñaría Industrial	SI (UDC+UVIGO)	Informe favorable condicionado da SXU
6	Mestrado universitario en vehículos autónomos	Escola de Enxeñaría Industrial	SI	Pendente do informe favorable da SXU

Nº	MESTRADO	CENTRO	INTERUNIV.	
7	Mestrado universitario en criminoloxía	Facultade de Dereito	SI (UDC+UVIGO)	Pendente de subsanación
8	Mestrado universitario en ciencia e tecnoloxía cuántica	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	SI	Informe favorable condicionado da SXU
9	Mestrado universitario en ensinanza do español como lingua estranxeira ou segunda lingua	Facultade de Filoloxía e Tradución	SI	Pendente de subsanación
10	Mestrado universitario en enxeñaría aeronáutica	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	NO	Enviado á ACSUG

Nº	PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	INTERUNIV.	ESTADO
1	Programa de doutoramento en nanociencia e biomedicina	NON	Enviado á ACSUG

- Consecución dunha mención de excelencia da Xunta de Galicia para mestrados:
 - Mestrado universitario en matemática industrial (interuniversitario).
- Creación de tres novas facultades:
 - Facultade de Relacións Internacionais (Ourense). Código RUCT: 36020805
 - Facultade de Deseño (Pontevedra). Código RUCT: 36020787
 - Facultade de Dirección e Xestión Pública (Pontevedra). Código RUCT: 36020799
- Modificación das titulacións adscritas ás ditas facultades:

CODIGO	CENTRO	TITULACIONES	MODIFICACIONES
36020805	Facultade de Relacións Internacionais	Grao en Relacións Internacionais	Enviada á ACSUG
36020787	Facultade de Deseño	Mestrado universitario en deseño e dirección creativa	Enviada á ACSUG
36020799	Facultade de Dirección e Xestión Pública	Grao en Dirección e Xestión Pública	Enviada á ACSUG
		Mestrado universitario en dirección pública e liderado institucional	Enviada á ACSUG

- Outros aspectos da ordenación académica:
 - Medidas facilitadoras do relevo xeracional.
 - Plan piloto de recoñecemento docente por maternidade.
 - Recoñecemento docente para o profesorado contratado doutor interino.
 - Recoñecemento docente para investigadores de programas.
 - Actualización da normativa de actividades tutoriais.
 - Creación dun grupo de traballo para o estudo e o debate da bolsa de horas.
 - Migración de graos e mestrados a SIGMA no curso 2023/2024.
- Formación permanente:
 - Proposta de modificación da Escola Aberta de Formación Permanente a Centro de Posgrao e Formación Permanente.
 - Migración dos títulos propios a SIGMA.
 - Incremento e promoción dos títulos propios.

- Adaptación dos títulos propios ao RD 822/2021.
- Convocatoria de proxectos innovadores nos centros.
- Renovación dos grupos de innovación educativa.
- Potenciación do programa de democratización.
- Asuntos de profesorado acordados na mesa de PDI:
 - Número máximo de prazas dispoñibles: $64 * 120\% = 77$ prazas
 - 20 (7 XF, 13 XV)
 - 1 excedencia voluntaria por servizo activo noutro corpo ou escala
 - 20 pasos de CD a TU en 2021
 - 23 pasos de TU a CU en 2021
 - Profesorado titular de universidade: 52 (12 para á reserva do 15 %).
 - Profesorado contratado doutor: 25
 - Profesorado catedrático de universidade: 40
 - Estabilización e promoción do PDI:
 - Aprobación do procedemento e dos criterios de prelación para a saída a concurso de prazas de profesorado contratado doutor a tempo completo do profesorado axudante doutor.
 - Convocatoria de 30 prazas de profesorado axudante doutor.
 - Nova convocatoria do plan de promoción do profesorado asociado a profesorado axudante doutor.
 - 5 prazas reservadas e 3 solicitudes concedidas.
 - Outras convocatorias: Ramón y Cajal e PDI potencialmente consolidable.
- Medidas salariais respecto do PDI:
 - Pagamento do 100 % do complemento específico das pagas extras.
 - Recoñecemento da antigüidade (trienios) do persoal investigador:
 - Primeiro trienio con efectos o 1/7/2022
 - Seguintes trienios con efectos o 1/1/2023
- Outras medidas respecto do PDI
 - Concesión de prórrogas covid para o persoal investigador predoutoral e posdoutoral da Universidade de Vigo.
 - Renuncia voluntaria á prórroga de contratos de profesorado axudante doutor por baixa de maternidade e/ou incapacidade temporal relacionada coa baixa maternal e paterna.
 - Proposta relativa á xubilación do persoal docente e investigador con vinculación laboral dentro do SUG.
 - Dotación orzamentaria por parte da UVigo.
 - Tres anos de duración por edición.
 - Bolsa de recoñecemento do 10 % da docencia impartida en galego
 - Avaliación tras os primeiros tres anos (curso 2024/2025)
 - Complementado con plan de formación
 - 57 solicitudes concedidas:
 - 708,5 horas de recoñecemento
- O reitor sinala diversos aspectos do plan SUVI da UVigo:
 1. Situación actual e orzamentos
 2. Actuacións realizadas nos campus
 3. Outras medidas de eficiencia
 4. Mobilidade
 5. Novas ideas e novos proxectos

Comunidade enerxética universitaria (autoconsumo colectivo).
INEGA: concesión en decembro 2022 (importe da subvención)

VIGO-AS LAGOAS, MARCOSENDE	Proxecto Singular	EÓLICA AEROXENERADOR URBANIZACIÓN AS LAGOAS	100 kW	270.000,00 €
VIGO-AS LAGOAS, MARCOSENDE	Filoxía e Tradución	SOLAR FV NA CUBERTA DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN	100 kW	63.300,00 €
VIGO-AS LAGOAS, MARCOSENDE	Telecomunicación	SOLAR FV NA CUBERTA DA ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN	100 kW	72.800,00 €
OURENSE-SUR	Xurídico-empresarial	SOLAR FV NA CUBERTA DO EDIFICIO-XURÍDICO EMPRESARIAL	100 kW	63.300,00 €
OURENSE-SUR	Campus Auga	SOLAR FV NA CUBERTA DO CAMPUS AUGA	60 kW	45.000,00 €
OURENSE-SUR	Biblioteca	SOLAR FV NA CUBERTA DA BIBLIOTECA	50 kW	37.500,00 €
PONT-XUNQU	Fisioterapia	SOLAR FV NA CUBERTA DE FISIOTERAPIA	30 kW	22.125,00 €
VIGO-AS LAGOAS, MARCOSENDE	Ciencias Experimentais	SOLAR FV NA CUBERTA	100 kW	69.365,00 €
VIGO-AS LAGOAS, MARCOSENDE	Cintecx	SOLAR FV NA CUBERTA 30 kW CON ALMACENAMENTO 57,6 kW/h	30 kW	69.365,00 €

O reitor sinala diversas medidas ao respecto, como a colocación de aeroxeneradores ou a mellora do consumo colectivo.

IDEA: solicitude de redes de calor 2022.

Conclúe este aspecto cos datos de aforro enerxético.

- En relación con investigación, detalla as novas estruturas de grupos, institutos e centros, así como as axudas obtidas para grupos en la convocatoria de consolidación da Xunta de Galicia e os proxectos: nacionais, internacionais e educativos e de cooperación. Tamén comenta brevemente sobre os datos de actividades de transferencia, spin-off e patentes. Expón a evolución de investigadores visitantes, así como de Ramón y Cajal, onde indica que existe un desequilibrio importante de ámbitos, e as prazas de persoal investigador potencialmente consolidable. Conclúe cun gráfico sobre a evolución histórica do financiamento acadado entre 2014 e 2022.
- Informa sobre os resultados acadados na vicerreitoría de comunicación e relacións institucionais.
- Sobre internacionalización, destaca o programa ATHENA

Conclúe o informe ás 11:36.

María José Ríos comenta que sobre o PAS soamente houbo unha diapositiva do reitor, que entende foi un tanto enganosa, dado que non falou das persoas que quedaron fora da funcionarización. Lembra certos compromisos para persoas que entende quedaron nun limbo. Bota de menos unha referencia á carreira horizontal do PAS. Pensa que non existe OEP para o ano que ven. Agarda que se fale sobre a suba salarial e ten curiosidade sobre o aforro de luz.

Iván Area agradece ao reitor o seu informe e pregunta se é posible desagregar por xénero as OPES do PDI, cando se publiquen, para saber se mellorou, así como se é posible incorporar datos sobre PIUNE, que non foron mencionados

Xoán Cebro comenta que seguiu con interese o informe do reitor e sinala que hai moitas eivas respecto do PAS. Entende que hai un prexuízo para o PAS, en particular, polo que respecta á súa OEP e lembra que xa anunciara que ía haber problemas neste asunto, cando fora aprobada a do PDI, aludindo a certas prazas que entende xa non son recuperables. Desculpa á xerenta, dado que é nova no eido universitario e lembra a figura da Comisión de emprego, que é a que debe negociar estes asuntos, así como a Subcomisión de funcionarización, pero fai unha crítica respecto do acontecido coa OEP do PAS, que ve como un sector discriminado. Sinala a situación do PAS contratado laboral non funcionarizado. Entende que a xerencia debe poñer datos sobre a mesa, para xustificar o límite que impoñería a masa salarial. Lembra que nos primeiros catro anos todo foi acordado nas mesas de negociación e entende que agora xa non ve acordos. Fai unha última referencia á migración cara ao programa SIGMA e os problemas que pode carrexar en relación coas nóminas, dado que a empresa borrou todo o programa anterior, que entende ten que ver co adiamento no pago dos trienios que se produciu e de pagos por cargos académicos para o PDI.

Coral del Río alude á parte do informe que se refería a publicacións e citas. Comenta que hai un problema coas publicacións da UVigo e outras universidades españolas e que debemos ser mais críticos coas cifras. Debemos desenvolver ferramentas para defendernos de currículos inflados, ao seu ver.

Federico Fernández suxire que cando se fale en informes de homes e mulleres se fale de porcentaxes. Chámalle a atención, como aos compañeiros que lle precederon, a falta de alusións ao PAS no informe, a quen ve marxidados, unicamente cos apuntes á funcionarización e concursos. Pregunta que vai pasar co PAS contratado novo, que vai ter un contrato de funcionario interino. Insiste novamente no asunto da ausencia da OPE do PAS para o 2023.

José Manuel García Eirín insiste na situación do persoal laboral que quedou atrás na funcionarización, poñendo varios exemplos respecto do que, ao seu entender, da lugar a unha diferente vara de medir. Insiste na situación da OEP do PAS, dado que habería 6 prazas que se puideran ter sacado por taxa de reposición.

O reitor comenta que continuará negociando e levando propostas ás mesas. Pensa que o PAS interino non estaba previsto na proposta de funcionarización. Entende que estamos a investir mais cartos en persoal que antes. Comenta os resultados dos PIUNE que lle foron pedidos e insiste na importancia de ser unha universidade inclusiva. Pensa que COARA aborda o asunto apuntado por Coral del Río, para melloralo.

4. Informe sobre as liñas orzamentarias para o ano 2023.

O reitor cede a palabra á xerenta, que expón as liñas orzamentarias

1. LIÑAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN ORZAMENTARIA 2023: MARCO

Condicionantes económicos e legais:

- Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 aprobado polo Consello Galego de Universidades o 7 de decembro do 2022.
- Lexislación de carácter xenérico para o sector público autonómico e estatal ou para o ámbito universitario:
 - Ley Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades
 - Real Decreto-ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo
 - Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad inanciera
 - Lei orgánica de Universidades
 - Real Decreto-ley 20/2012, de 13 de julio, de medidas para garantizar la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad
 - Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira
 - Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno
 - Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
 - Estatutos da Universidade de Vigo
 - Proxecto de Lei de Orzamentos da CC.AA. de Galicia para o ano 2023

2. ORZAMENTO 2023

2.1.INGRESOS (RESUMO POR CAPÍTULOS)

Capítulo	Afectado	Non afectado	Importe
3	420.000,00 €	16.686.138,00 €	17.106.138,00 €
4	13.065.363,00 €	131.505.520,00 €	144.570.883,00 €
5	0,00 €	210.000,00 €	210.000,00 €
6	0,00 €	400.000,00 €	400.000,00 €

7	39.683.371,00 €	750.000,00 €	40.433.371,00 €
8	12.748.778,00 €	12.446.448,00 €	25.195.226,00 €
TOTAIS	65.917.512,00 €	161.998.106,00 €	227.915.618,00 €

CAPÍTULO	2022	2023	% 23/22
III Taxas, prezos públicos	17.133.000	17.106.138	-0,16 %
IV Transferencias correntes	139.843.852	144.570.883	3,38 %
V Ingresos patrimoniais	230.000	210.000	-8,70 %
Ingresos correntes	157.206.852	161.620.768	2,81 %
VI Enaxenación de IR	400.000	400.000	0,00 %
VII Transferencias de capital	28.264.126	40.433.371	43,06 %
Ingresos de capital	28.664.126	40.833.371	42,45 %
VIII Variación de activos fin.	12.805.394	25.195.226	96,75 %
IX Variación de pasivos fin.	0	0	0,00 %
TOTAIS	198.676.372	227.915.618	14,72 %

CAPÍTULO	2022	2023
III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	8,62 %	7,51 %
IV Transferencias correntes	70,39 %	63,31 %
V Ingresos patrimoniais	0,12 %	0,09 %
VI Enaxenación de Inversións reais	0,20 %	0,18 %
VII Transferencias de capital	14,23 %	17,74 %
VIII Variación de activos financeiros	6,45 %	11,17 %

2.2. GASTOS

CAPÍTULO	2022	2023	%23/22
I Persoal	122.361.464	134.968.199	10,30 %
II Gastos correntes	31.366.105	33.570.772	7,03 %
III Gastos financeiros	457.450	409.450	-10,49 %
IV Transferencias correntes	7.226.024	7.217.724	-0,11 %
V Fondos de continxencias	300.000	300.000	0,00 %
Operacións correntes	161.711.043	176.466.145	9,12 %
VI Inversións reais	36.025.329	50.614.965	40,50 %
Operacións de capital	36.025.329	50.614.965	40,50 %
VIII Activos financeiros	140.000	70.000	-50,00 %
IX Pasivos financeiros	800.000	764.508	-4,44 %
TOTAIS	198.676.372	227.915.618	14,72 %

CAPÍTULO	2022	2023
I Persoal	61,59 %	59,22 %
II Gastos correntes	15,79 %	14,73 %
III Gastos financeiros	0,23 %	0,18 %
IV Transferencias correntes	3,64 %	3,17 %
V Fondos de continxencias	0,15 %	0,13 %
VI Inversións reais	18,13 %	22,21 %
VIII Activos financeiros	0,07 %	0,03 %
IX Pasivos financeiros	0,40 %	0,34 %

RESUMEN POR CAPITULOS DO ORZAMENTO DE GASTOS 2023

Capítulo	Afectado	Non afectado	Importe Total
1	12.107.879,00 €	122.860.320,00 €	134.968.199,00 €
2	3.627.497,00 €	29.943.275,00 €	33.570.772,00 €
3	19.450,00 €	390.000,00 €	409.450,00 €
4	3.107.303,00 €	4.110.421,00 €	7.217.724,00 €
5	- €	300.000,00 €	300.000,00 €
6	46.290.875,00 €	4.324.090,00 €	50.614.965,00 €
7	- €	- €	- €
8	- €	70.000,00 €	70.000,00 €
9	764.508,00 €	- €	764.508,00 €
TOTAIS	65.917.512,00 €	161.998.106,00 €	227.915.618,00 €

- Mantemento do equilibrio orzamentario o longo do ciclo económico dende 2012.
- A incentivación da captación de recursos en fontes non tradicionais para manter e incrementar a actividade en diferentes eidos da Universidade.
- O cumprimento dos prazos legais para facer fronte aos pagamentos.
- Emprego do remanente de tesourería para financiar os pagamentos derivados dos gastos.

3. TEITO DE GASTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O EXERCICIO 2023

CALCULO LIMITE GASTO PARA 2023

	2.022	2.023
TOTAL GASTO	198.616.372,00 €	227.915.618,00 €
TOTAL AFECTADO	-43.108.364,00 €	-65.153.004,00 €
TOTAL CAP. VIII E IX	-140.000,00 €	-854.508,00 €
TOTAL NON AFECTADO		
NON FINANCEIRO	155.368.008,00 €	161.928.106,00 €
MARGEN AUTORIZADO		
SOBRE EX. ANTERIOR	6,00 %	8,80 %
INCREMENTO AUTORIZADO	9.039.970,32 €	13.672.385,00 €
TOTAL TEITO DE GASTO		
NON FINANCEIRO	164.407.978,32 €	175.600.491,00 €

Ás 12:20 conclúe o informe.

Enrique Macías comenta sobre a captación de talento relativa ao PAS. Lembra que nos servizos centrais do PAS da Universidade de Vigo houbo mais do dobre de votos en contra do actual reitor nas pasadas eleccións e quere transmitir que o ambiente continúa a ser peor, dado que hai unha tensión entre as persoas afectadas tras os procesos de funcionarización e de traslados. Pensa que non ve actuacións concretas para melloralo e que a situación é moi difícil. Lembra as promesas de promoción horizontal. O reitor agradece a intervención, que entende serve para construír unha universidade mellor.

Carlos Álvarez Villamarín dá a benvida á xerenta en relación cos orzamentos, dado que antes non tiña esas competencias. Pensa que no informe, tal e como foi presentado, faltan certos datos. Pregunta pola evolución do remanente da Universidade dos últimos anos. Non está de acordo en certas prioridades reflectidas nos orzamentos e pensa que, se os tivera que votar, votaría non.

Xoán Cebro discrepa con Enrique Macías en certos aspectos. Matiza, respecto do informe do reitor, que o cambio de contrato a funcionario interino si se acordou na mesa de negociación e lembra a actitude da anterior Xerencia a este respecto e que o acordo de que fose voluntario foi para non pagar as indemnizacións. Respecto dos orzamentos, sinala o incremento de mais dun 10% do capítulo I, pero bota en falta maiores explicacións e detalles que os reflectidos no informe. Tamén pensa que terían que aparecer as previsións de postos de traballo e do seu custo, como entende que se fixo o ano pasado. Comenta que, entre os obxectivos, aparecen certos datos sobre acordos xa negociados sobre o PDI, así como o PAS, que son asuntos xa pechados. En relación coa formación do PAS, entende que aparece por aparecer, dado que non se reúne a Comisión de formación. Fai unha reflexión sobre o sistema de acceso ao nivel A1. Bota en falta, en suma, o plan de formación. Critica tamén o asunto do teletraballo. Pensa que a carreira horizontal é un dereito para os funcionarios e sinala que na USC púxose nos orzamentos, como previsión para 2023 e que alí se pagará con recursos propios. Pregunta se hai un compromiso a este respecto do equipo de goberno.

O reitor sinala que este ano os Estatutos fan que os orzamentos dependan da Xerencia. Toma nota de todas as intervencións e pensa que moitas deberán negociarse nos foros axeitados.

5. Aprobación, se procede, do informe preceptivo sobre a creación do Centro de Posgrao e Formación Permanente.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións para que explique o punto:

- Exposición de motivos (diferenciación entre as actividades de posgrao):
 - Eido: a súa finalidade é organizar, dentro do seu ámbito de xestión, as ensinanzas e as actividades propias do doutoramento.
No seu Regulamento de réxime interno (CG do 14/10/2014) constitúese como un centro de educación superior universitaria da Universidade de Vigo que terá a finalidade de organizar, dentro do seu ámbito de xestión, as ensinanzas e as actividades propias do doutoramento e concíbese como unha escola de doutoramento inter e multidisciplinaria.
 - EAFP: Creouse en outubro de 2020.
Á súa finalidade é a planificación dunha oferta de ensinanzas propias vinculadas ás necesidades e ás demandas da sociedade, así como a súa promoción, administración, supervisión e control de calidade, co fin último de xerar novas oportunidades profesionais e persoais.
 - Novas dinámicas que afectan as titulacións :
 - ✓ A irrupción no panorama universitario de novos títulos de mestrado de carácter transversal e, en ocasións, estratéxicos para a Universidade de Vigo, que non son promovidos por ningunha escola, facultade ou grupo de investigación concreto.
 - ✓ A irrupción de mestrados vinculados aos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).
 - ✓ A captación de estudantes mediante a internacionalización da oferta de mestrados. Cómpre estruturar uns programas flexibles adaptados ás necesidades deste estudantado.
 - ✓ A integración dos mestrados de formación permanente no sistema interno de garantía de calidade.
- Natureza
 - Lei do sistema universitario de Galicia: arts. 5 e 18.2
 - Estatutos da Universidade de Vigo: art. 36.2
- Funcións
 - Colaborar na definición de estratexias de titulacións de mestrados oficiais, coa participación da dirección das escolas e das facultades da Universidade de Vigo.

- Coordinar os procesos académicos e administrativos correspondentes ás ensinanzas de mestrados oficiais que, pola súa natureza, non teñan un soporte axeitado nunha escola ou nunha facultade da Universidade de Vigo.
- Diseñar, coordinar e desenvolver programas de mestrado transversais adaptados aos obxectivos de desenvolvemento sostible.
- Diseñar, coordinar e desenvolver programas de mestrados internacionais transversais de oferta aberta e multidisciplinar.
- Certificar microcréditos de programas transversais e internacionais.
- Difundir e desenvolver os mestrados adscritos ao CPFP.
- Supervisar a calidade dos títulos impartidos no CPFP.
- Complementar os estudos oficiais proporcionándolle ao estudantado e ás persoas egresadas as competencias ou habilidades que non son cubertas nos devanditos estudos.
- Diseñar programas educativos que favorezan a empregabilidade, a reciclaxe e a promoción profesional dos traballadores/as de acordo coas demandas sociais actuais. Estes estudos propios deben responder a novos ámbitos de especialización con posibilidades de aplicación profesional.
- Fortalecer os vínculos co sector empresarial, xerando convenios de formación con empresas ou institucións externas para a formación de traballadores/as.
- Detectar as necesidades formativas do PDI da Universidade de Vigo e crear e desenvolver cursos de formación para atendelas.
- Planificar e levar a cabo os programas de actualización docente.
- Organizar cursos cero ou complementarios que faciliten o inicio de estudos universitarios.
- Formar as persoas maiores.
- Desenvolver programas de formación abertos á sociedade no ámbito científico, técnico, empresarial, artístico ou de ámbito máis cultural ou humanístico.

➤ Ensinanzas:

- Mestrados oficiais que, pola súa natureza, non teñan un soporte axeitado nunha facultade ou escola da Universidade de Vigo.
- Mestrados transversais adaptados aos obxectivos de desenvolvemento sostible.
- Mestrados internacionais transversais de oferta con itinerarios flexibles e multidisciplinares.
- Mestrados internacionais dentro dun consorcio conformado polas universidades que participen nunha determinada alianza mediante a subscripción do correspondente convenio.
- Mestrados de formación permanente.
- Título propio de especialista universitario/a.
- Título propio de experto/a universitario.
- Microcredenciais ou micromódulos.
- Diplomas de formación permanente.
- Certificados de formación permanente.
- Programa universitario de maiores.
- Programas de formación e innovación docente.
- Outras actividades de formación permanente que permitan cumprir cos fins propios da institución.

Expón a organización e estrutura.

➤ Infraestruturas e recursos:

- O Centro de Posgrao e Formación Permanente terá a súa sede inicial no edificio Ernestina Otero da Universidade de Vigo, co obxectivo de acadar unha sede física onde desenvolver as súas funcións.
- O Centro de Posgrao e Formación Permanente coordinará coas facultades, coas escolas e con outros órganos e servizos da Universidade de Vigo, se é preciso, a utilización das aulas e dos espazos comúns máis adoitados para impartir as ensinanzas adscritas a esta.

María José Ríos Santomé indica que á Xunta de PAS non chegou ningunha solicitude de informe sobre este punto, polo que solicita a retirada do punto da orde do día.

Iñigo Cuiñas pon de manifesto as súas dúbidas sobre certos aspectos presentes na memoria e cre que se mesturan cousas que non teñen moito que ver. Entende que, tal e como está a proposta, parece pensada para que dea acougo a outros másteres e programas de doutoramento. Pensa que ten encaixe legal pero pregunta se realmente a UVigo necesita esta Escola de Posgrao. Dúbida sobre o criterio para decidir o encaixe dos másteres. Da a entender que os masteres que xa existen se desentenden dos ODS. Non se sabe se se pode sacar un master dunha Escola onde non encaixa e levalo a ésta. Pregunta se un máster que non interesa a ningún centro ten real interese para a propia Universidade. Cre que se está a xerar unha complexidade maior da necesaria e que os novos mestrados segan os mesmos criterios que os anteriores. Pide que conste en acta o seu voto negativo.

Ruth Davila pregunta polo alumnado entre 35 e 55 anos, dado que no proxecto da LOSU faise referencia á formación permanente de xeito constante. Pregunta pola previsión establecida a este respecto na LOSU sobre novas figuras, como os micrograos, e o seu encaixe no novo centro que se pretende aprobar.

Federico Fernández entende que este punto pretende solucionar os problemas que o equipo reitoral pensa que ten a Escola Aberta de Formación Permanente. Remítese ao anterior Claustro e ás pegas sobre o nome, postas polo informe da Asesoría Xurídica. Fai referencia á convocatoria dunha praza que saíu en relación con este proxecto e pregunta se se trata dunha praza de PDI ou de PAS e onde ten cabida este contrato, dado que debería ter a súa correspondencia na RPT.

Xoán Cebro solicita a retirada deste punto sobre a base do artigo 91.2º dos Estatutos da Universidade, dado que as negociacións sobre RPT deben implicar á Xunta de Persoal, co seu informe preceptivo, que entende non existe. Lembra outras ocasións en que a falta do dito informe foi problemática. Pensa que se están a crear postos dos que no tivo coñecemento a representación sindical.

O reitor sinala que se pode avanzar nalgúns aspectos, malia que o punto poida ser retirado. Habería que clarear máis na normativa certos aspectos indicados por Iñigo Cuiñas, así como a incorporación doutras figuras e co cambio de nome. Pensa que se pode crear un grupo de traballo no Claustro, co vicerreitor, a xerente e dous representantes por cada sector. Ana Belén González Penín entende que é mellor que a proposta parta do equipo de goberno.

Decae o punto.

6. Aprobación, se procede, do procedemento cara a extinción da Escola de Formación Permanente.

O reitor entende que, en coherencia co anterior, este punto tamén decae.

7. Aprobación, se procede, do informe preceptivo sobre a proposta de creación do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación para que expoña o punto.

O Instituto de Agroecoloxía e Alimentación da Universidade de Vigo nace coa vocación de converterse nun centro de referencia na promoción a través da I+D+i da transición cara a sistemas agroalimentarios máis resilientes, sostibles, seguros e circulares.

- Visión: ser un instituto de referencia na intersección da investigación entre a agricultura e a alimentación desde enfoques agroecolóxicos, promovendo un compromiso activo coa especialización científica intelixente a partir dunha aposta convencida pola colaboración e a xeración de impacto.

- Misión: promover un contorno de investigación interdisciplinar e de excelencia con capacidade para ofrecer novo coñecemento e solucións que contribúan á transición cara a un sistema agroalimentario capaz de asegurar e de ofrecer unha alimentación saudable, segura e resiliente nun contexto marcado polos grandes cambios globais, incluído o cambio climático, preservando a biodiversidade e contribuíndo aos obxectivos de desenvolvemento sostible.

1. Acadar maiores cotas de excelencia científica a través do desenvolvemento dunha axenda científica aliñada coas políticas e prioridades de I+D+i europeas, nacionais e rexionais.

2. Desenvolver, fixar e atraer talento.

3. Acadar un maior impacto da investigación realizada no marco galego.

4. Posicionar e visibilizar o instituto como un centro de referencia no eido da agroecoloxía e da alimentación.

5. Crear o Iberian Food Laboratory co Instituto Politécnico de Bragança (IPB).

- Regulamento de creación e de xestión dos institutos de investigación da Uvigo: Algún dos seguintes méritos:

1. Contar cunha distinción académica ou investigadora excepcional como: un premio nacional de investigación, un doutoramento honoris causa, unha Starting, Consolidator ou Advanced Grant do ERC ou algún outro mérito que a comisión delegada do Consello de Goberno xustifique como equivalente aos anteriores.

2. Ser garantes segundo os criterios estatais establecidos para os centros de excelencia Severo Ochoa ou as unidades de excelencia María de Maeztu.

3. Cumprir os requisitos para alcanzar a cualificación B no apartado de investigación, segundo os criterios de acreditación á cátedra de universidades establecidos pola ANECA para o seu ámbito de coñecemento.

A maioría dos promotores do instituto posúen polo menos algún destes criterios. Escolléronse coma garantes unha persoa por grupo de investigación máis o director provisional do instituto.

Cita aos garantes e aos promotores, así como os indicadores e estrutura de goberno, que figuran na documentación que se achegou.

- Os eixos de actuación son:

Eixo 1: Investigación

Eixo 2: Talento e recursos humanos

Eixo 3: Formación

Eixo 4: Transferencia e innovación

Eixo 5: Internacionalización

Eixo 6: Posicionamento e visibilidade

Eixo 7: Goberno, xestión e financiamento

- Infraestruturas:

1. Planta piloto de industrias agroalimentarias (edificio Campus Auga).

2. Plataforma analítica completa integrada de espectrometría de masas (edificio Campus Auga-CACTI).

3. Laboratorio de valorización de residuos (invernadoiro).

4. Analizadores de Hg e especies órgano-mercuriais en matrices ambientais e alimentarias (edificio Campus Auga).

5. Equipamento de tomografía computarizada de raios X de gran formato TC-X e de alta resolución (edificio Campus Auga).

6. Instalación radioactiva de terceira categoría (edificio Campus Auga).

7. Fitotrón (Facultade de Bioloxía; invernadoiro)
 8. Invernadoiro (campus de Ourense)
 9. Parcelas experimentais (en colaboración co Inorde)
- Creación do instituto:
 - ✓ Tres avaliacións externas moi favorables.
 - ✓ Aprobación na comisión de investigación do 1/9/2022.
 - ✓ Exposición pública: do 7 de setembro ao 7 de outubro do 2022.
 - ✓ Recepción de dúas alegacións que se tiveron en consideración.
 - ✓ Aprobación tras as alegacións na comisión de investigación do 13/10/2022.

Apróbase

8. Informe de seguimento e avaliación anual do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao comisionado Jacobo Porteiro Fresco, que expón o informe, que se achegará como anexo I á presente acta. O comisionado expón moi sinteticamente cuestións relativas á metodoloxía seguida e a análise dos obxectivos e accións estratéxicas, entre outros aspectos.

9. Informe da Valedora Universitaria.

O reitor cede a palabra á valedora universitaria, Esther Pillado González, que expón o seu informe, que se achegará como anexo II á presente acta.

O reitor reflexiona sobre os cambios dun ano para outro e pregunta por un adianto dos cambios do ano actual. A valedora pensa que será mellor adiantar o informe da Valedoría a outro Claustro, posiblemente antes do verán.

Coral del Río agradece a labor da Valedoría e resalta a súa importancia. Pide mais información sobre a recomendación 2021/22 sobre a apertura dunha información reservada aberta a unha persoa da comunidade universitaria que verteu comentarios sobre a Unidade de igualdade, e continúa preguntando se houbo algunha actuación a este respecto por parte do reitor. O secretario xeral aclara que abriuse unha información reservada, pero que tería que consultar cal foi o resultado exacto.

María José Bravo incide na necesidade de mellorar o asunto da diversidade no informe.

10. Elección dos membros da Comisión de traballo para a Redacción do Código Ético e a Normativa de Convivencia:

- a) 4 PAS.
- b) 2 estudantes.

O reitor sinala que non se presentaron candidaturas.

Non é preciso celebrar eleccións.

11. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión de traballo sobre os Recoñecementos Docentes na Bolsa de Horas dos Centros:

- a) 1 PAS (aberta a persoal non claustral).
- b) 1 estudante (candidaturas cubertas e prazo xa pechado).

O reitor informa de que se presentaron as seguintes candidaturas para a praza de estudante:

- Rodríguez Álvarez, Lucía - P.D. Protección patrimonio cultural.
- Juan José López Escobar - P.D. en Tecnoloxías da información e as comunicacións

Resultado da votación:

Juan José López Escobar: 7

Lucía Rodríguez Álvarez: 1

Resulta elixido: Juan José López Escobar.

12. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión de traballo para o impulso ao Manual de Boas Prácticas:

- a) 3 estudantes.
- b) 1 PAS.

O reitor informa de que non se presentaron candidaturas:

Non hai que celebrar eleccións.

13. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión redactora do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado:

- a) 1 estudante (ámbito e campus).
- b) 4 PAS.

O reitor informa de que non se presentaron candidaturas en prazo.

Non é necesario celebrar eleccións.

14. Elección de membros da Comisión Electoral: 1 estudante.

O reitor informa de que non se presentaron candidaturas:

Non é preciso celebrar eleccións.

15. Elección de representantes nos Consellos de Campus:

- a) Pontevedra: 2 estudantes.
- b) Ourense: 2 estudantes.

O reitor informa de que non se presentaron candidaturas.

Non é necesario celebrar eleccións

16. Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións.



Coral del Río insiste na petición de preguntas sobre a información reservada e o reitor indica que levouse a cabo o procedemento previsto, do que se informou ao Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:15 h do día 19 de decembro de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

O secretario xeral